

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SAUDABLE DO DÍA 20/06/2025****ASISTENTES**

PRESIDENTA: D^a. LUISA M^a SÁNCHEZ MÉNDEZ

VOGAIS: D^a. M^a SANDRA BASTOS MÍGUEZ

D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. RICARDO MARTINEZ CHANTADA

D^a. M^a PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VAZQUEZ ALMUÍÑA

D^a. M^a NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

D^a. DIGNA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGIS GÓMEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRIGUEZ RODRÍGUEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ

D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.

Sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte de xuño de dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D^a Luisa M^a Sanchez Mendez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta do 23 de maio de 2025.

2.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA O RECOÑECIMENTO DA CATEGORÍA DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL (DEPO_DAN E DEPO_DAN+) E DEPORTISTA DE ALTO NIVEL DE BASE (DEPO_TALENTO) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO ANO 2025".

Estas bases teñen por obxecto regular o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO_DAN e DEPO_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2025 e o procedemento de concesión das axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2025.



O programa está dotado con 405.000,00 euros.

O prazo de solicitudes remata o 3 de xullo de 2025.

3.- Dar conta das "BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2025".

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades de piragüismo, remo e vela que participan en competicións oficiais de calquera ámbito territorial. A finalidade destas axudas é colaborar no financiamento dos gastos derivados da súa actividade competitiva durante a tempada 2024-2025 ou ao longo do ano 2025.

O programa está dotado con 550.000,00 euros.

O prazo de solicitudes rematou o 6 de xuño de 2025.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 12:35 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretaria dou fe.

